



RUTAS

PATRIMONIO CULTURAL GALEGO

A RIBEIRA SACRA DO SIL

Partida–Chegada: Sober (ruta circular)
Distancia aproximada: 70 km.

ITINERARIO:

- 1.- Sober
- 2.- Camiño a Gundivós
- 3.- Gundivós
- 4.- Camiño a Doade
- 5.- Doade
- 6.- Miradoiro do Carreiteiro
- 7.- Ponte de Doade ou de Abeleda
- 8.- Subida a Castro Caldelas
- 9.- Castro Caldelas
- 10.- Volta a Doade
- 11.- Lobios
- 12.- Miradoiro de Cadeiras
- 13.- Miradoiro de Santiorxo

EXTRAS:

- 1.- Máis aló
 - Monforte de Lemos
 - Mosteiro de Santa María de Ferreira de Pantón
- 2.- Información útil

Lembra

- Non prendas lume
- Recolle o teu lixo
- Non saltes muros ou valados
- Protexe e respecta os animais e as plantas
- Goza e mira polo noso patrimonio; danalo non só é unha mágoa senón tamén un delito.

A RIBEIRA SACRA DO SIL

A Ribeira Sacra do Sil é unha terra con historia, de fondas tradicións e de insólitas paisaxes. Esta ruta, que percorre os concellos de Sober, Monforte de Lemos, A Teixeira e Castro Caldelas, ofrécenos unha oportunidade única para descubrir o patrimonio, a etnografía e a natureza desta rexión.

A natureza foi quen de crear paraxes de dramática maxestosidade que as xentes foron domesticando ao longo dos séculos. Asentáronse en pequenas comunidades labregas que deron forma a unha específica cultura arredor do viño que ten nos socalcos a súa máxima expresión; é o máis visible dun legado inmaterial que se transmite de xeración en xeración.

O traballo labrego deu sustento aos relixiosos e aos fidalgos. O arredado destas terras e a súa benignidade para a agricultura favoreceron o asentamento de comunidades monásticas, grandes e

pequenas, que atoparon aquí un pequeno paraíso para unha vida de oración e traballo; trouxeron con eles, coñecementos e espiritualidade e deixáronnos obras artística que falan da profundidade da súa fe e da súa mestría.

Ao carón destes protagonistas principais, están os fidalgos, artesáns, mercadores... que durante séculos recorreron estas terras ou viviron nelas. A presenza da poderosa casa de Lemos respírase aínda agora en Monforte e Castro Caldelas, tamén está viva a tradición dos oleiros e oleiras de Gundivós que recorrían todas as feiras da comarca, as lendas asociadas ao santuario de Cadeiras ou ás personaxes míticas que habitaban as ribeiras do Sil.

1. SOBER



O concello de Sober está situado entre os ríos Sil e Cabe –declarados pola Unión Europea espazos de interese comunitario– e as súas terras son coñecidas pola súa fertilidade. Os testemuños históricos falan da antigüidade das aldeas da zona, que se remontan en ocasións á prehistoria. A dedicación agraria tradicional ten o seu reflexo na paisaxe de campos pechados con valos e nas aldeas que se asentán na proximidades deles e agochan vivendas e construcións intimamente relacionadas co cultivo dos cereais e o viño.

O concello de Sober naceu en 1840, froito da fusión dos anteriores concellos do Couto Novo, Sober, Moreda e Lobios. Daquela, a sede municipal quedou fixada no lugar de Sober, hoxe Sober vello; sería máis tarde cando Berea, actualmente Sober, comezou o seu proceso de crecemento e de diferenciación respecto ao resto das aldeas do contorno para conformarse como capital. Todo o concello é unha zona fortemente castigada pola emigración desde finais do século XIX, aínda que agora comeza a recuperar un certo dinamismo.

Oficina de Turismo: 982460001.

A vila de Sober é un pequeno núcleo de servizos que conserva boa parte da súa esencia antiga. Ao igual que o concello, no período de 1900 a 1940 alcanzou o seu máximo poboacional e produtivo, e a aquel tempo corresponden boa parte das vivendas actuais. A construción en cantaría, o resalte dos esquinais, portas e ventás ou o uso de cores no remate dos exteriores son elementos distintivos da arquitectura desa época. Estas formas construtivas contrastan vivamente coas máis antigas, fieis aos canons tradicionais: grandes volumes, dous andares, corredor, etc.

Durante a primeira metade do século XX, a veciñanza deste concello viuse obrigada a emigrar –a América ou a Europa–, feito que provocou o avellentamento xeneralizado da poboación, xunto cun estancamento demográfico que aínda hoxe se percibe. Porén, na actualidade unha serie de

circunstancias permiten ás xentes da zona encarar o futuro cun certo optimismo: a revitalización do vello camiño sur a Compostela, o vigor e renome dos seus viños, a recuperación e valorización turística da Ribeira Sacra e unha serie de proxectos agrogandeiros, artesanais e turísticos fieis ao legado herdado.

Na grande explanada diante do concello tiña lugar noutro tempo a feira do gando, hoxe é o escenario protagonista da “Feira do viño de Amandi”, que se celebra cada ano no Domingo de Ramos e no que están presentes boa parte dos 300 produtores do concello. Como produto principal desta terra, o viño ten a súa homenaxe nun pequeno parque escultórico ao carón do concello; acolle un conxunto de esculturas contemporáneas que teñen como fío condutor a vide e a tradición vitícola.

Sáímos cara a Gundivós, seguindo os sinais situados no centro da vila ou na rotonda da entrada até o poste que da a benvida á aldea.

2. CAMIÑO A GUNDIVÓS

O camiño até Gundivós transcorre polas terras de Proendos e de Liñarán; un desvío dun par de centos de metros permitiranos coñecer a igrexa de Proendos, que conserva un interesante conxunto de pinturas datadas a finais do século XV–principios do XVI.



A fermosa paisaxe de agros e hortas aparece salpicada de vizosas carballeiras, soutos, piñeiros e froiteiras que delimitan os campos de labor. Aquí e acolá os valos e sebes (cercas vexetais) separan as fincas e impiden a entrada do gando; deseñan unha xeografía non só da propiedade senón tamén dos usos da terra: as fincas pequenas de horta nas proximidades das aldeas, máis aló os grandes campos abertos do cereal.

Xusto antes de chegar a Gundivós, unha vez pasado o poste que nos dá a benvida á aldea, é doado ver, á esquerda da estrada, a vila de Monforte. O seu castelo, no alto dun outeiro, goza dunha inmellorable posición estratéxica para controlar e vixiar todo o val de Lemos.

Seguimos a estrada até Gundivós.

3. GUNDIVÓS

Gundivós é sinónimo de terra de oleiros e de oleiras, que tamén as había; xa o di o cantar:

Ao pasar por Gundivós
o primeiro que se ve
son as olas a secar
e os fornos a cocer

Desde sempre, as xentes desta aldea fabricaron e venderon os cacharros nos que se comía, bebía e almacenaban alimentos en todo o sur da provincia de Lugo e no norte da de Ourense. Non había feira á que non acudisen a vender, nin viño que soubese tan ben coma o servido nas súas xerras... A partir de mediados do século XX, esta artesanía entrou en decadencia, até case desaparecer, por mor da emigración e da entrada do plástico nos enxovais domésticos.

Na actualidade, as pezas de Gundivós son moi apreciadas polo seu valor decorativo. A cerámica é moi característica polas súas formas e, sobre todo, pola cor negriza das pezas, produto dunha peculiar

técnica de impermeabilización. Varios artesáns teñen obradoiro neste lugar e nas aldeas do arredor e ofrecen ao visitante a oportunidade de coñecer o seu traballo e a tradición (ver listaxe na sección de datos útiles).

Gundivós ten forma de rueiro que se acomoda ao camiño. O edificio máis rechamante de Gundivós é a casa reitoral, que hoxe acolle un punto de información, demostración, exhibición e venda da cerámica deste lugar. Pódese ver a estrutura orixinal do edificio (do século XVIII), articulado arredor dun patio central, pezas cerámicas antigas e un antigo torno. O edificio é un exemplo de como eran as vivendas das xentes acomodadas dos séculos XVII e XVIII: máis amplas e elegantes que as dos labregos, con espazos diferenciados para as distintas funcións, pensadas e deseñadas por dentro e por fóra para amosar a riqueza e poder do seu dono.

A propia aldea de Gundivós merece un pequeno paseo. Ao carón da reitoral, as vivendas labregas e un cruceiro antigo. Un fermoso exemplar de casa tradicional con corredor preside a pequena rúa que leva á igrexa, que está cuberta –como noutro tempo era habitual– por un emparrado que protexe a vivenda do duro sol do verán.

A igrexa, co seu pequeno cemiterio, é un elegante edificio barroco que destaca no casarío.

Continuamos a estrada seguindo os sinais até Doade, empalmando coa LU-903 na entrada do pobo.

4. CAMIÑO A DOADE

O camiño entre Gundivós e Doade transcorre entre montes, prados e labradíos, nos que en tempada é posible ver medrar o trigo do país. Tamén é posible gozar de magníficas vistas do contorno: á esquerda, pola súa posición no alto dun monte que domina todo o val do Sil, destaca Castro Caldelas; á dereita asoman os cumios dos cantís e miradoiros do Sil. Nos últimos metros a nosa ruta empalma co antigo Camiño Sur a Santiago, tamén chamado o Camiño de Inverno que hoxe está en proceso de recuperación.

O Camiño de Inverno

Esta ruta de peregrinación e comercio seguía unha rede de vellos camiños que permitía aos viaxeiros entrar en Galicia sen sufrir as penurias e dificultades da ruta do Cebreiro. O desvío comeza en Ponferrada e segue o val do Sil até Lalín, onde se incorporaba á Vía da Prata. Desde Quiroga existían varias rutas opcionais para chegar a Monforte; unha delas camiñaba en paralelo ao río até chegar a Ponte de Paradela, onde se cruzaba para entrar nas terras lucenses.

Despois comezaba unha penosa subida, en zigzag a través dos socalcos, até chegar a Doade. A partir de aquí, e durante 17 km, o camiño transcorre por terras máis doadas cara a Monforte.

5. DOADE



Este pobo sitúase nunha posición estratéxica na que se cruza o camiño que ven das terras ourensás con aqueles que seguen en paralelo ao río pola penechira das terras de Lemos. Noutro tempo nesta parroquia houbo dun priorado dependente do mosteiro de San Vicente do Pino (Monforte) aínda que

nesta zona tiveron tamén propiedades, nomeadamente viñas, moitas outras entidades eclesiásticas e casas fidalgas.

O lugar de Doade está conformado, en realidade, pola unión de pequenos núcleos que hoxe medraron até conformar a poboación. Nas aforas está a igrexa parroquial –un edificio sinxelo de aire barroco–; á beira da estrada permanece aínda unha das dúas cantinas históricas do lugar, que tomaron o relevo dunha antiga taberna e que dan fe da importancia deste lugar nos percorridos de persoas e mercadorías tanto na dirección Norte–Sur como no Val do Sil.

Aquí abandonamos as terras altas para adentrármonos no estreito val do Sil, que hoxe leva un maior caudal por mor dos encoros. A estrada é estreita e sinuosa, xa que se acomoda ás abas dos montes que forman os canóns e á súa pronunciada pendente.

Seguimos a estrada cara ao Sur; até o miradoiro que queda á dereita, pouco despois de comezar a baixada.

Das inmediacións do lugar de Doade sae unha pequena ruta (2 km que poden facerse parcialmente en coche) que conduce ao miradoiro da Pena do Castelo, con espectaculares vistas ao río Sil.

6. MIRADOIRO DO CARRETEIRO

Na baixada cara ao río, o cambio na paisaxe resulta case dramático: o relevo ondulado poboado de árbores, prados e labradíos dá paso ao viñado, coidadosamente cultivado en socialcos, a paredes graníticas e a pequenos arboredos en posicións imposibles. Este é o berce do abraiante fenómeno natural dos canóns do río Sil, onde tamén se crían os famosos viños de Amandi e da Ribeira Sacra.

Socialcos



O viño destas terras é froito do que se deu en chamar “viticultura heroica”. Segundo a tradición, non confirmada até o de agora polos datos históricos, os romanos trouxeron as viñas que logo foron medrando grazas ao esmerado traballo de xeracións e xeracións de veciños e veciñas. A selección das variedades, a elección das parcelas, as técnicas de traballo da viña... nada se deixou ao azar.

O conxunto de muros e terra que conforman os socialcos constitúen o procedemento típico de cultivo: as muras de pedras agarran a terra e impiden a erosión das choivas; xestas e toxos engádense para enriquecer o propio solo que só con este traballo constante e continuo pode manter unha viticultura de alta intensidade. Aquí e acolá espállanse pequenas adegas para gardar aparellos ou dar protección ás xentes ante o sol e a choiva.

Cavar, podar, sulfatar ou vendimar son tarefas dificultosas e esgotadoras, aínda na actualidade, cando xa algunhas delas están mecanizadas; mesmo hai sitios só accesibles desde o río. Mais o esforzo paga ben a pena. O resultado final, os viños da Ribeira Sacra gozan dun merecido prestixio e acadan premios de carácter internacional.

Incorporámonos novamente á estrada até a ponte. Pode estacionarse xusto antes, ao carón do embarcadoiro.

7. PONTE DE DOADE OU DE ABELEDA

A fermosísima paisaxe do contorno permite apreciar en toda a súa grandeza a verticalidade dos cantís e o dramatismo do relevo. Aquí maniféstanse con claridade os contrastes entre as dúas beiras do río: unha ateigada de viñas e a outra, por ser máis umbra, esquecida e abandonada a unha natureza exuberante e vizosa. Nas proximidades, nunha abraiante paraxe desemboca o río Edo, que percorre as terras do concello ourensán da Teixeira e chega a este punto encaixado entre os montes.

A ponte une as provincias de Lugo e Ourense, que o Sil deslinda en boa parte do seu percorrido. Este lugar é un paso histórico do río, xa que aquí houbo unha vella ponte de madeira que foi durante séculos un fito da enxeñaría; co tempo, a ponte esmoreceu e foi substituída por barcas. Fr. Martín Sarmiento informa da posible existencia dunha ponte romana, cuxos fundamentos eran visibles no seu tempo. O crecemento do nivel do río por mor do encoro asolagou a ribeira orixinal.

Doutro lado do río comeza o difícil ascenso cara a vila de Castro Caldelas, xa en terras ourensás.

Cruzando a ponte seguimos cara Castro Caldelas pola estrada OU-903; varias aldeas ofrecen ao viaxeiro a posibilidade de estacionar con seguridade para contemplar a paisaxe.

Unha viaxe nos catamaráns que cobren as rutas Doade-Os Chancís (22 km) e Doade-Augasmestas (38 km) proporciona ao visitante unha perspectiva insólita desta abraiante paraxe.

8. SUBIDA A CASTRO CALDELAS

Castro Caldelas atópase nun outeiro ao que se chega percorrendo unha serpeante estrada con paisaxes espectaculares que remonta a ribeira oriental do río Edo e cruza, nun pequeno treito, o concello da Teixeira. A propia subida constitúe un espazo de transición entre os vales de Lemos e do Sil –de suave clima mediterráneo nalgunhas zonas– e as altas montañas do norte ourensán.

As aldeas da zona diferéncianse ben, porque tenden a ser de maior tamaño e máis concentradas e, a medida que ascendemos, aparecen máis vivendas con tellado de lousa e grosos muros para combater o frío do inverno. Mais tamén, alí onde é posible, asoma sempre a viña, xeralmente en socalcos. Os viños pertencen á Denominación de Orixe Ribeira Sacra, subzona Ribeiras do Sil.

A Denominación de Orixe Ribeira Sacra

Os viños da Ribeira Sacra gozan de merecida sona desde moi antigo xa que son un dos cultivos fundamentais da zona desde os tempos medievais. En efecto, os monxes foron os introdutores e promotores da viticultura xa que o viño era un elemento esencial na súa dieta e no rito da misa pero o certo é que –sobre todo a partir do século XIV– a vide resultou ser un cultivo óptimo para manter en produción grandes extensións de terras baleiras e o viño atopaba fácil saída nos mercados.

Daquela semente naceu un produto de categoría internacional elaborado hoxe en día por centos de produtores de todo tamaño, grandes adegas pero tamén instalacións case familiares. Máis dun cento acóllense ao Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra e agrúpanse en cinco subzonas: Amandi, Chantada, Ribeiras do Miño, Ribeiras do Sil e Quiroga Bibei.

As variedades de uva son, principalmente, Albariño e Godello (brancas) e Mencía (tinta), aínda que tamén se empregan Loureira, Treixadura, Merenzao ou Torrontés.

A maior parte das adegas –grandes e pequenas– ofrecen ao visitante a posibilidade de coñecer o seu traballo e degustar os seus caldos; basta con seguir os sinais indicadores espallados polas estradas da zona.

Seguimos a estrada até Castro Caldelas. É recomendable estacionar na praza e percorrer a vila a pe.

9. CASTRO CALDELAS

O Concello de Castro Caldelas

Malia que o elemento máis sobranceiro da vila de Castro Caldelas é o seu castelo medieval, o certo é que o poboamento do lugar é moi antigo. Por estas terras pasou unha das principais vías romanas no occidente peninsular, a XVIII, que conectaba Braga con Astorga. O estratéxico emprazamento da poboación, nun outeiro que domina a contorna, favoreceu o nacemento da vila medieval que pertenceu ao dominio dos señores –e logo condes– de Lemos. O seu dinamismo histórico, vinculado ao comercio e a súa posición como vila señorial e fidalga, foi a base da súa emerxencia como concello.



Esta pequena vila é coñecida en toda Galicia por tres sinaladísimas tradicións: as bicas, a festa dos Fachós (na noite de San Sebastián) e o Irrio (peliqueiro de orixe descoñecida que sae nas festas principais). Dous persoeiros vinculados a esta vila son o escritor Vicente Risco e o empresario e escritor Olegario Sotelo Blanco.

Castelo de Castro Caldelas: 10–14 h., 16–20 h. (988203358)

Centro Comarcal: Luns a Venres: 10–14h.;17– 20h. Fins de semana: 11–14h.; 17– 20h. (988204630)

A vila estrutúrase en dous barrios. O máis antigo (Cima de Vila) acomódase ás murallas da fortaleza e ás formas do outeiro no que se sitúa. As súas rúas conservan o vello trazado medieval e vivendas de moita antigüidade. O rueiro remata na igrexa dedicada a Santa Isabel e a San Sebastián (s. XVI) –protector das xentes de armas–.

A fortaleza, de orixe medieval, foi parcialmente destruída polos irmandiños e aínda sufriu modificacións posteriores –a máis importante en 1572, segundo informa unha inscrición– que lle deron un aire máis palaciano e menos bélico; foi incendiada en 1809 polos exércitos franceses en retirada. Pertenceu aos señores de Lemos, tal e como indican os escudos que presiden a súa entrada; son doadamente recoñecibles os osos dos Osorio e os roeles dos Castro, apelidos identitarios desta liñaxe.

O castelo foi restaurado recentemente, o que permite apreciar mellor o aire cortesán do patio e os elementos defensivos, así como gozar da vista que ofrece desde a torre da homenaxe: a Torre da Homenaxe, a do Reloxo, a do Cárcere, as adegas, o magnífico corredor que da acceso ás cámaras e o paseo da ronda.

O recinto acolle, tamén, un pequeno museo dedicado á historia do castelo e da comarca cunha interesante colección etnográfica.

Na zona máis chá da vila atópase o barrio novo, presidido polo santuario da Nosa Señora dos Remedios –cuxo edificio na súa forma actual é do século XIX– e conformado por moitas vivendas que

seguen as pautas da construción tradicional: grosos muros, tellados de lousa, corredores e galerías nas fachadas meridionais. Todo pensado para afrontar a invernia.

Horarios:

Castelo: 10-14 h., 16-20 h. Ao mediodía o museo permanece pechado.

Sala de Exposicións do Centro Comarcal: Luns a Venres: 10:00-14:00; 17:00- 20:00; Fins de semana: 11:00-14:00; 17:00 a 20:00

O retorno cara a Doade faise pola mesma estrada, a LU-903.

10. VOLTA A DOADE

A volta cara ao río Sil ofrécenos unha perspectiva distinta da paisaxe. A viña e os pequenos bosques acompañanos durante boa parte do camiño, xunto con carballeiras, sobreiras ou pequenas fervezas. Aldeas e paisaxe amosan un espazo fundamente humanizado e estruturado polas vías de comunicación, algunhas tan antigas como esta estrada que se superpón ao trazado do camiño medieval que unía Castro Caldelas e Monforte e articulaba o señorío dos Condes de Lemos.

Xa case nas terras do concello da Teixeira temos oportunidade de albiscar, á esquerda da estrada, as poéticas ruínas do mosteiro de San Paio de Abeleda. No seu tempo foi unha das casas monásticas máis importantes da zona e ademais dun importante patrimonio gozaba dun couto dotado polo rei Afonso VII no que os oficiais do abade impartían xustiza. Co tempo, non obstante, o número de relixiosos descendeu e acabou conformándose como priorado e parroquia. No século XIX o propio edificio pasou a mans particulares; hoxe o seu estado e de ruína e abandono.

O Concello da Teixeira

As terras da Teixeira están cruzadas por camiños históricos, entre eles o que comunicaba o burgo de Castro Caldelas co poderoso mosteiro de San Estevo de Ribas de Sil e Ourense. É un territorio montañoso, no que os ríos descenden dramaticamente formando gorxas e canóns; nas abas destes montes, nas terras soleadas acubíllanse os pobos nunha paisaxe de prados e soutos, que viñeron a substituír aos teixedais que deron nome á poboación.

É un concello pequeno, erixido en 1836, e pouco poboado que, non obstante, ten abraiantes miradoiros sobre o Sil. Tamén un rico conxunto patrimonial do que cabe sinalar o conxunto de fornos comunais de Xirás.

Casa do Concello (988207400)

Retomamos a LU-903 até Doade, alí seguimos o sinal á esquerda que indica Sober.

11. LOBIOS



A aldea de Lobios é un pequeno lugar cargado de historia e lenda, no que as súas tradicionais casas se xuntan arredor da igrexa.

Dun lado da estrada está a capela da Raíña dos Anxos, advocación da Virxe que, segundo a lenda, salvou a unha moza da ira dunha moura. A rapaza roubáralle unha cadea de ouro á moura, quen se converteu en serpe para perseguila e castigala; ao pasar pola capela, a moza encomendouse á Nosa Señora e a serpe asumiu novamente forma humana. Sobre a porta, unha pedra procedente do período medieval, fala da súa antigüidade e do gusto dos nosos antergos pola reutilización dos materiais.

Á beira da estrada tamén se atopa un fermoso cruceiro do século XVIII, que representa a Cristo e á Virxe Dolorosa; o máis excepcional é o varal no que se asenta a cruz, no que se detallan os instrumentos da paixón de Xesús.

O templo parroquial está dedicado a San Xillao e, malia que foi reformado posteriormente, conserva boa parte da súa traza orixinal románica, do século XIII. Foi sede dun mosteiro feminino que acabou incorporado a San Paio de Antealtares e hoxe é un dos exemplos máis sinalados do románico rural lucense, aínda que a presenza de arcos lixeiramente apuntados sinala xa a chegada do Gótico. É moi interesante o conxunto escultórico, que aparece tanto no interior como no exterior do edificio. Malia que predominan os temas vexetais, hainos tamén figurados como na portada sur ou na arcada que marca –no interior– o paso ao presbiterio.

A loita entre o ben e o mal é o tema que se desenvolve na portada que da hoxe acceso ao templo; contrapóñense ás figuras de centauros e dragóns ás de aves e a San Miguel Arcanxo. A exaltación do poder divino acada o seu cumio no presbiterio, máis concretamente nas ménsulas–capitel que o enmarcan. Acolle ao Tetramorfos ou representación simbólica dos Evanxelistas e, porén, da forza salvífica da fe; San Xoán é figurado coa aguia, un anxo representa a San Mateo, un touro a San Lucas e un león a San Marcos. Estes dous últimos relevos destacan pola súa grande orixinalidade e pola forza comunicativa que lle confiren o seu volume e os restos da pintura antiga; tamén por que o seu autor non sempre empregou as claves habituais e o touro é máis ben unha vaca e o león, un can.

O retablo barroco está presidido polo santo patrón (San Xulián) en roupas do século XVIII. A parede Norte da nave conserva os restos dos antigos frescos que a adornaron e serviron como mecanismo de ensinanza da fe. É ben visible o retrato de San Pedro –coa súa chave– abrindo a porta do ceo ás almas elixidas; noutro lugar, sorprende o realismo da silueta dun cabalo, que parece querer saír do pano.

Horario: no verán a igrexa está aberta cun horario establecido (consultar na oficina de Turismo); o resto do ano, hai que pedir a chave nunha das casas da aldea.

Retomamos a estrada até atopar unha rotonda, onde tomamos a terceira saída. Séguese polo desvío até o estacionamento da área recreativa de Cadeiras.

12. MIRADOIRO DE CADEIRAS

Na parroquia de San Vicente de Pinol encóntrase o Santuario de Cadeiras, dedicado á Virxe dos Remedios. A escasos metros do templo e da área recreativa que o rodea sitúase un dos miradoiros máis espectaculares da zona.

Sobre esta igrexa circulan diferentes lendas. Segundo unha delas, este sería un dos tres santuarios dedicados a tres irmás virxes que repousaron en tres lugares diferentes que se divisaban entre eles (Trigoás en Maceda, Monte Faro en Chantada e Cadeiras en Sober). Outra conta que no penedo no que apareceu a Virxe agochábanse o peite e o xabón que usaba cando ía ao río Sil. Hai tamén vellas historias de mouras e mouros, polo que a sacralidade deste espazo viría de moi antigo.

O actual edificio do santuario corresponde ao século XVIII, aínda que non está totalmente rematado e o seu aspecto actual permite recoñecer as diferentes fases construtivas. A fachada está presidida por



unha imaxe da Virxe, secundada por dous benfeitores do templo.

A Igrexa está rodeada de alpendres que permiten a celebración da romaría (do 7 ao 9 de setembro) e das antigas feiras nos días de máis calor ou choiva.

A un cento de metros atópase o miradoiro, de vertixinosa altura sobre o río. Desde el, xa na provincia de Ourense, contéplanse os chamados “balcóns de Madrid”: á dereita, o de Santiorxo. Neste lugar, o canón do río adopta un relevo esgrevio, abrupto nas dúas vertentes.

Volvese á estrada e na rotonda retómase a dirección cara a Sober, tomando a terceira saída até o cruce que indica o desvío ao miradoiro de Santiorxo. Tomando esta pista até o seu remate.

13. MIRADOIRO DE SANTIORXO



O miradoiro de Santiorxo, se cadra, é un dos mellores da zona para observar a grandiosidade e orixinalidade dos canóns do río Sil. Esta marabilla natural acada nalgúns lugares dimensións colosais, posto que o desnivel pode chegar até os 500 m e as pendentes superan nalgún tramo o 70%. Os canóns condicionan de tal modo o medio que xorden multitude de microclimas, en función dos fluxos do vento e da exposición ao sol.

Os canóns conforman un territorio de gran riqueza natural e dunha biodiversidade insólita, ao mesturarse neles especies vexetais da área atlántica e mediterránea. O resultado é un relevo abrupto, un espazo privilexiado que o home aproveitou para plantar viñas só alí onde as dificultades de acceso ou a pobreza dos solos non llo impediron.

Retomamos a estrada en dirección a Sober, onde deu comezo e finaliza esta ruta.

Río abaixo aínda agardan os miradoiros dos Cotarros e o embarcadoiro dos Chancís.


Pouco antes de chegar ao río nos Chancís, hai sinalizado un pequeno sendeiro que percorre varios muíños asentados no río Xábrega. É unha ruta doada, cunha lonxitude de 1,2 km (ida).

MÁIS ALÓ

Nas proximidades desta zona hai unha serie de lugares de relevancia patrimonial que tamén podes descubrir:

1.- Vila e conxunto histórico de Monforte de Lemos

Situada nun outeiro que ten o control estratéxico do Val de Lemos, Monforte é unha das vilas con maior relevancia histórica do noso país. É o solar da poderosa liñaxe dos Castro, berce da casa condal de Lemos que é unha das protagonistas indiscutibles do noso pasado.



O antigo mosteiro de San Vicente do Pino e os restos do castelo dos condes coroan unha paisaxe urbana que se espalla pola aba do outeiro e nas ribeiras do río Cabe. É unha encrucillada histórica que conserva nas súas rúas os testemuños doutros tempos: vivendas de corte tradicional, pazos fidalgos, elegantes construcións de principios do século XX, edificios eclesiásticos, etc.

Sobre todo o conxunto sobresaen por dereito propio o Colexio de Nosa Señora da Antiga –coñecido como o dos Escolapios– fundado por un dos fillos máis notables da casa de Lemos, o cardeal D. Rodrigo; mercedor do sobrenome de Escorial galego, a súa abraiante arquitectura acolle unha interesante pinacoteca e colección escultórica. Pola súa banda, o Convento de Santa Clara acolle un Museo de Arte Sacra que está entre os mellores de España.

- A viaxe en tren entre Monforte e Ourense (aprox. 1 hora) é un dos percorridos máis escénicos de Galicia xa que percorre o canón conformado polo río Cabe e as ribeiras do Sil e do Miño.
- Por Monforte en locomotora (www.filix.org/prel/bolemonforte.html)

2.- Mosteiro beneditino de Ferreira de Pantón

Aldeas tradicionais, carballeiras centenarias, monumentos senlleiros do románico rural (Ribas de Miño, Eiré, Pombeiro, Atán), espazos naturais e culturais preservados nas ribeiras do Sil e do Miño... o concello de Pantón garda moitas sorpresas para aqueles que estean interesados en descubrir as pegadas do pasado.

Unha das máis senlleiras é o Mosteiro de Santa María de Ferreira de Pantón, que foi fundado no século X como casa de retiro e oración para relixiosos e relixiosas; no século XII incorporárase á Orde do Císter á que pertence hoxe en día. A hospedaría e a fachada principal do mosteiro –s. XVIII– asómanse a un patio que destaca pola súa harmonía e elegancia. A igrexa conserva un magnífico ábsida corado por canzoros finamente traballados; o interior responde á austeridade monumental dos edificios cistercienses e acolle os sepulcros duns dos máis grandes benfeitores da casa Diego de Lemos (U 1492) e do seu fillo Lope de Lemos.

PREPARACIÓN DA RUTA

Información e servizos turísticos:

- Plan de dinamización Turística da Ribeira Sacra: www.ribeirasacra.org
- Asociación de Turismo Rural do Sur de Lugo: www.lugosur.com
- Ruta dos embalses e reservas dos catamaráns: www.rutasembalses.com (982260196)

CONCELLOS:

- A Teixeira (www.concelloateixeira.org)

Casa do Concello: 988 207 400

- Castro Caldelas: (www.castrocaldelas.es)

Horario de apertura do castelo e museo: de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00; de 14:00 a 16.00 aberto o castelo e o patio.

No castelo (988203358) e no Centro Comarcal (enfrente, 988204630)

- Monforte de Lemos (www.concellodemonforte.com)

Praza da Compañía s/n –diante do Colexio dos Escolapios– (982404715)

Centro Comarcal Expo–Lemos: Estrada N–120, km. 519

- Pantón (www.panton.com)

Praza do Concello s/n (982 456 279)

- Sober (www.concellodesober.com)

No Centro Sociocultural (ao carón do Concello) e, no verán, na praza (982460001)

Oleiros de Gundivós:

- Elías González Prieto (Igrexa, Gundivós): 982460097
- Agapito González González (Igrexa, Gundivós): 982162730
- José Rodríguez “Ventura” (Vilanova): 982152784
- Obdulia Rodríguez González (Campoverde): 982152885
- Tomás López González (Corbelle, Proendos): 982460546

Teléfono de Emerxencias de Galicia: 112